

NACEMENTO DO ASOCIACIONISMO VETERINARIO GALEGO. O COLEXIO PROVINCIAL DA CORUÑA

Asociación Historia Veterinaria Galega (HISVEGA)

historiaveterinariagalega@yahoo.es

INTRODUCCIÓN

Unha das eivas da nosa profesión é o descoñecemento que en xeral temos do pretérito da mesma. Alguén dixo en certa ocasión que un pobo que descoñece o seu pasado está condenado a repetir os mesmos erros. Así, algúns dos temas que hoxe temos enriba da mesa, coma o descoñecemento da nosa función na sociedade, a perda do noso patrimonio profesional ou a falta de corporativismo que baixo o manto do beneficio particular dalgún sector da nosa profesión entorpece o ben xeral da veterinaria, non son problemas novos. Quizais o mirar atrás nos poida aportar solucións novas para resolvelos. A Asociación Historia Veterinaria Galega (HISVEGA) está integrada por persoas coma ti, comprometidas e con inqedanzas. Nace como un equipo multidisciplinar de historiadores e veterinarios interesados no discorrer da profesión veterinaria, no seu pasado, na influencia que esta exerceu no progreso agropecuario do noso país, na súa situación actual e tamén no seu futuro. Así é HISVEGA.

A finalidade desta asociación é principalmente o estudo e recuperación da Historia da Veterinaria, o seu desenvolvemento e difusión dende os aspectos culturais e científicos, de xeito que o seu coñecemento sirva de base para o desenvolvemento actual do noso labor, mellorando a nosa identidade profesional.

É intención de HISVEGA servir como punto de encontro e foro de ideas e opinións, no que a partir do noso pasado poidamos conxuntamente decidir o noso futuro.

A través dunha colaboración coa Fundación ACIVEGA (Fundación para o Avance Cientí-

fico da Veterinaria en Galicia) iniciamos aquí unha serie de artigos que nos permitan tornar a nosa desidia en inqedanzas. Para iso pareceunos unha boa idea facer un achegamento a como naceu o movemento societario da nosa profesión, facendo un maior fincapé no caso da provincia da Coruña.

NACEMENTO DO ASOCIACIONISMO VETERINARIO EN GALICIA

Unha das principais demandas da clase veterinaria de finais do século XIX pasaba pola necesidade de creación dunha organización profesional que se estendera a toda España mediante asociacións provinciais. As accións asociativas anteriores limitábanse ao carácter local ao redor das Escolas Veterinarias, en especial en Madrid, así como ao redor das subdelegacións de Veterinaria que

Unha das principais demandas da clase veterinaria de finais do século XIX pasaba pola necesidade de creación dunha organización profesional que se estendera a toda España mediante asociacións provinciais

trataban de paliar as deficiencias de formación das escolas e facilitaban o intercambio de opinións e de información. Por outra banda, o asociacionismo tiña sido habitual entre os albéitares, que se organizaban mediante confrarías primeiro e logo de xeito gremial. Sen embargo, tanto unhas coma outros sempre tiveron un carácter localista, quedando a súa demarcación reducida a un concello, e cando máis unha agrupación de municipalidades¹.

O primeiro colexio que se conformou en España foi o de Valencia, en 1896. A partir desta data son moitos os colexios veterinarios que se fundan, case todos eles xa iniciado o século XX. É a partir da publicación do Real Decreto do 12 de xaneiro de 1904², que aproba a Instrución Xeral de Sanidade Pública, cando se propicia unha maior creación de colexios, xa que esta permitía outorgar o título de oficial aos colexios de médicos, veterinarios e farmacéuticos se contaban coas dúas terceiras partes dos profesionais da provincia. A colexiación obrigatoria foi establecida polo Real Decreto do 28 de marzo de 1922³, converténdose

¹ Moraleda Benítez, M. *Aspectos históricos de las Asociaciones y Colegios Veterinarios de España*. Discurso de entrada como Académico de Honor na Real Academia de Ciencias Veterinarias. 20 de outubro de 2004. Madrid. <http://www.racve.es/actividades/historia-veterinaria/2004-10-20Manuel-Moraleda.htm>

² *Gaceta de Madrid* de 22 de xaneiro 1904

³ *Gaceta de Madrid* de 30 de marzo de 1922

todos os colexios en oficiais. Os estatutos foron aprobados pola Real Orde de Gobernación do 13 de agosto de 1922⁴, pola que se constitúen os colexios oficiais de veterinarios en cada provincia, co carácter de colexiación obrigatoria para todos os profesionais civís.

O primeiro colexio de cuxa fundación se ten coñecemento en Galicia foi o de Ourense, o 15 de outubro de 1905. O seu primeiro presidente foi Cesáreo Parada González

En Galicia, ao igual que sucedeu en Asturias, a xeografía e a dispersión poboacional xogarían en contra da creación dos colexios provinciais⁵. Existe unha breve noticia, publicada na *Gaceta de Medicina Veterinaria*, na que se fala dunha Sociedade de Veterinarios Galegos constituída en agosto ou setembro de 1893, referíndose a un Regulamento da Sociedade de Veterinarios Galegos publicado nesas datas no diario *El Pensamiento Galaico*⁶ e da que non se ten máis constancia.

O primeiro colexio de cuxa fundación se ten coñecemento en Galicia foi o de Ourense, o 15 de outubro de 1905. O seu primeiro presidente foi Cesáreo Parada González. Non chegou a ser oficial, polo que cabe pensar que durou pouco tempo⁷. Non sería ata o 11 de decembro de 1923 cando se conforma o Colexio Oficial de Ourense,



JUAN ROF CODINA

baixo a presidencia de Xavier Prado Rodríguez, *Prado Lameiro*, xa ao abeiro do Real Decreto do 28 de marzo de 1922. No caso de Lugo, hai unha nota publicada na *Gaceta de Medicina Zoológica* de 1907⁸ onde se fala da creación dunha asociación provincial. Camarero Rioja supón que, pola data de creación, posiblemente Juan Rof Codina fora o presidente e promotor da mesma⁹.

Na provincia de Pontevedra declárase a constitución oficial do colexio en 1915, polo que posiblemente a data sexa un pouco anterior. Declárase oficial ao estar constituído por 30 dos 31 veterinarios da provincia¹⁰. Aparece na *Gaceta de Ciencias Pecuarias* de 1915¹¹ que a devandita corporación nomea como presidente de honor a Eusebio Molina Serrano.


O COLEXIO PROVINCIAL DA CORUÑA

Na provincia da Coruña non se atopou documentación referente á creación dalgunha asociación colexial ata 1915. Gordón Ordás, nunha conferencia pronunciada en Guadalaxara en decembro de 1915 titulada *Cultura y dinero*¹², fala da creación dunha Federación Rexional de Veterinarios Galegos, sendo esta a segunda deste tipo en constituírse en España, despois da de Cataluña. Esta federación, pactada na Asemblea Rexional Veterinaria celebrada entre o 2 e o 4 de outubro de 1915 na Escola de Veterinaria de Santiago, tivo unha efémera actividade, xa que o propio Gordón Ordás, nun artigo que publica na *Revista de Higiene y Sanidad Pecuarias* titulado *Un adiós a la clase*, deixa entrever o desánimo que lle causa a efémera duración que tiñan algunhas das asociacións colexiais¹³. Como exemplo pon esta que se constituíra en Santiago.

XAVIER PRADO "LAMEIRO"



FELIX GORDÓN ORDÁS



EUSEBIO MOLINA SERRANO

A Federación Rexional de Veterinarios Galegos, a segunda en España despois da de Cataluña, foi pactada na Asemblea Rexional Veterinaria celebrada entre o 2 e o 4 de outubro de 1915 na Escola de Veterinaria de Santiago

⁴ *Gaceta de Madrid* de 16 de agosto de 1922

⁵ Camarero Rioja, F. *Investigación acerca de la fundación de los colegios de veterinarios de España*. Libro de actas del X Congreso Nacional, IV Iberoamericano e I Hispanoluso de Historia de la Veterinaria. Olivenza, Badaxoz, 22-24 de Outubro de 2004.

<http://www.colvet.es/ae/v/pdf/Libro%20de%20actas%20Olivenza.pdf>

⁶ *Gaceta de Medicina Veterinaria*, Agosto-setembro 1893, pax 93

⁷ *La Veterinaria Española*. 20 noviembre 1905

⁸ *Gaceta de Medicina Zoológica*. 1 febreiro 1907, pax 55.

⁹ Camarero Rioja, F. *Investigación acerca de la fundación de los colegios veterinarios...* op. cit

¹⁰ Real Orde do 26 de xuño de 1915. (*Gaceta de Madrid* do 27 de xuño de 1915).

¹¹ *Gaceta de Ciencias Pecuarias*. 1915, Pax 88.

¹² Está publicado un extracto da mesma en Gordón Ordás, F. *Mi evangelio profesional* (1963). Ed Fascimil Colección Polifemo (2007). Pax 211-218.

¹³ Gordón Ordás, F. *Revista de Higiene y Sanidad Pecuarias*. Agosto-Septiembre de 1916.

“En Santiago de Compostela, con un éxito verdaderamente excepcional, pues hasta el padre Sol, que allí tan pocas veces alumbra, envió la representación de sus rayos de oro, se formo la Federación Regional de Veterinarios Gallegos.

Tuve la dicha de presenciar aquel espectáculo soberbio, y aunque herida mi retina, después del desencanto que me produjo lo ocurrido en Cataluña, volví a creer en la resurrección de la Veterinaria con la misma fe de mis primeros tiempos. Se expusieron allí orientaciones admirables, se pensó en realizar obras gigantescas, se dijo que aquello iba a ser nuestra Covadonga.

Pero no tardé mucho tiempo en enterarme, por conducto de uno de los más directamente interesados, de que la segunda Federación Regional, más desventurada aún que la primera, había caído, y así seguirá indefinidamente, en un profundo letargo, tan profundo como la misma muerte, igual que la muerte de frío y de inmóvil.

Y todo ello porque algunos catedráticos de la Escuela de Veterinaria de Santiago no podían entenderse”

Cabe pensar que o mensaxeiro ao que se refire Gordón non é outro que Rof Codina, xa que o designa coma un dos máis interesados neste proxecto, que máis tarde volverá intentar resucitar.

Esta curta vida fixo que, aínda que nacida coa intención de aglutinar a todos os veterinarios de Galicia, o ámbito real de acción da federación se limitase á Escola de San-

tiago e á cidade da Coruña. Os posteriores intentos de asociacionismo na provincia terán en Rof Codina a un dos principais promotores. Este profesional tomou parte de xeito activo nos primeiros intentos de organización corporativa na veterinaria galega actual.

Durante a Asemblea Rexional de Veterinarios de Galicia celebrada en Santiago de Compostela os días 10 e 11 de xaneiro de 1920, acordouse formar unha asociación co nome de Sindicato Rexional de Veterinarios de Galicia, conforme á Lei de Asociacións do 30 de xuño de 1887. Aproveitando esta disposición de establecer un órgano asociativo, o día 13 de xaneiro inicianse os tramites para a constitución do devandito sindicato, presentándose o día 16 dese mes os seus regulamentos no Goberno Civil da Coruña e quedando oficialmente constituído o día 31 de xaneiro de 1920.

Entre os obxectivos do Sindicato Rexional de Veterinarios de Galicia atopábanse:

1. Velar polo bo cumprimento das disposicións legais que regulaban o exercicio da veterinaria oficial e privada.
2. Estreitar os lazos de unión entre todos os compañeiros.
3. Elevar a consideración e o prestixio da profesión.
4. Xestionar cos gobernos e corporacións melloras nos servizos de exclusiva competencia da veterinaria, en especial os de hixiene pública, fomento pecuario e formación profesional.
5. Contribuír á rápida constitución de La Unión Veterinaria Nacional, acordada na IV Asemblea de Barcelona.
6. Cooperar con todas a iniciativas

de asociacións similares de España que teñan como obxectivos o engrandecemento da ciencia veterinaria, o progreso da industria pecuaria e a mellora da hixiene pública

7. Unirse ás demais asociacións, recadando ao respecto dos seus dereitos e independencia profesional

O sindicato, cuxo enderezo social atopábase no domicilio de Rof Codina _na rúa San Andrés, 168, 3º, na Coruña_, tiña como estrutura un comité rexional e tres provinciais. O comité rexional estaría formado por cinco socios que desempeñaran os cargos de presidente, tesoureiro, secretario-contador e dous vocais. Neste primeiro comité rexional designouse a Juan Rof Codina presidente, actuando Gabriel Espín Edreira como secretario, Carlos Troche Rivas como tesoureiro e Baldomero Casal Sánchez e Bernardo Mouriz Leyte como vocais. Nos regulamentos presentados aparece Félix Gordón Ordás como presidente honorario.

Cómpre destacar a intención aglutinadora da clase veterinaria que pretendía levar a cabo este sindicato. Así, no artigo 12 do seu regulamento indica que, co obxecto de robustecer o sindicato, os comités directivos invitarán aos veterinarios das respectivas provincias a ingresar nel. Despois de transcorridos tres meses a partir do envío da invitación, anunciábase aos veterinarios non asociados que o sindicato os consideraba inimigos e que contra eles porían en xogo todos os procedementos de loita ao seu alcance, se ao transcorrer 15 días despois dunha segunda comunicación non se tiñan asociado.

Nin no Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña nin na escasa documentación atopada no Goberno Civil da devandita cidade existe ningunha documentación que nos indique cómo foi o proceso de conversión deste sindicato en Colexio Profesional, aínda que todo fai pensar que, do mesmo xeito que noutras provincias españolas, o comité directivo acomodábase ao abeiro do Real Decreto de 28 de marzo de 1922. Todo indica que a representatividade que este sindicato tivo que cinguiuse case de xeito único á provincia da Coruña e ao ámbito de acción da Escola de Veterinaria de Santiago, xa que nas actas de constitución dos colexios de Lugo, Ourense e Pontevedra non se menciona en ningún momento a existencia dun comité previo.

A actividade de Rof Codina como presidente primeiro do Sindicato Rexional e máis tarde do Colexio Provincial de A Coruña documéntase alomenos ata febreiro de 1928, cando se celebra unha xunta xeral na que sae elixido presidente da xunta de goberno, sendo Miguel López Sancho vicepresidente, Alejandro Viguera Sáenz secretario e Narciso Espinosa Maeso e Bernardo Mouriz Leyte vocais.

Durante a Asemblea Rexional de Veterinarios de Galicia celebrada en Santiago os días 10 e 11 de xaneiro de 1920 acordouse formar unha asociación co nome de Sindicato Rexional de Veterinarios de Galicia



ESCOLA DE VETERINARIA DE SANTIAGO (1915)